



RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EXTRAORDINARIA DO 21 DE ABRIL DE 2022

1. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2022/00019365F.

Ratificación da urxencia da convocatoria.

Ratifícase a urxencia da convocatoria.

2. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00017747A.

Recepción parcial e suspensión temporal do resto das obras “Reurbanización da rúa do Hórreo no ámbito fronte á Estación Intermodal (Expt. CON/19/2021)”.

Acórdase:

Primeiro: Autorizar o inicio de trámites para a recepción parcial das obras executadas da “Reurbanización da rúa do Hórreo no ámbito fronte á Estación Intermodal (Expt. CON/19/2021)” para o que se nomea representante da administración ao técnico municipal supervisor destas obras e ordenar que se comunique á Intervención Municipal o lugar, día e hora do acto de recepción.

Segundo: Acordar a suspensión temporal do resto das obras de “Reurbanización da rúa do Hórreo no ámbito fronte á Estación Intermodal (Expt. CON/19/2021)” ata que a dirección facultativa e responsable do contrato considere que é factible a reanudación.

O contratista non terá dereito a ningunha indemnización de danos e prexuízos durante a suspensión das obras.

O contrato reiniciarase unha vez que, á proposta da dirección facultativa e responsable do contrato, se adopte o acordo de levantamento da suspensión que lle será comunicado ao contratista.

3. CONTRATACIÓN. Referencia: 2022/00011915D.

Declaración deserto procedemento de adxudicación denominado Autorización do uso privativo de espazos no parque da Alameda de Santiago de Compostela para colocación de postos durante as Festas da Ascensión e do Apóstolo en 2022 e 2023.

Declárase deserta por non terse presentada ningunha oferta o procedemento de adxudicación denominado Autorización do uso privativo de espazos no parque da Alameda de Santiago de Compostela para colocación de postos durante as Festas da Ascensión e do Apóstolo en 2022 e 2023.

4. CONTRATACIÓN. Referencia: 2022/00019138X.

Declaración urxencia para a autorización de ocupación de vía pública no parque da Alameda de Santiago de Compostela para a colocación de postos durante as festas da Ascensión e do Apóstolo en 2022.

Declárase aplicable a tramitación de urxencia ao procedemento de convocatoria pública para a “Autorización de uso privativo de espazos no parque da Alameda de Santiago de Compostela no que se colocarán postos durante as Festas da Ascensión e do Apóstolo no ano 2022”.